



❑ **Título da unidade:**

TEMA 7: VISUALIZACIÓN E “DESCARGA” DA CARTOGRAFÍA BASE WMS.

❑ **Descrición xustificación:**

Grazas os servizos WMS (Web Map Service) podemos acceder á cartografía sen necesidade de descargar no noso disco duro mapas de gran tamaño utilizando unicamente a conexión a internet e o software QGIS neste caso. Será de utilidade para nos poder acceder a información catastral e gardala como plantilla de traballo. Nesta unidade aprenderemos a buscar e a xestionar os servizos WMS para o noso proxecto de mapa escolar.

❑ **Obxectivos:**

Os obxectivos que se acadarán rematada a unidade son:

- Usar o servizo do WMS (Servizo de Mapa Web) para o mapa base.
- Coñecer o Open Geospatial Consortium (OGC)
- Buscar os servizos WMS na web.
- Configurar o software QGIS para a visualización das capas WMS.

❑ **Contidos:**

Conceptuais:

- WMS (Web Map Service)
- O portal de acceso á Infraestructuras de datos espaciais de España (IDEE)
- O portal de acceso á Infraestructuras de datos espaciais de Galicia (IDEG)
- O software QGIS para o visionado e tratamento das capas WMS.

Procedimentais:

- Búsqueda dos servizos WMS nos directorios de servizos web dos diferentes portais de información.
- Engadido de capas no software QGIS dende os servidores WMS
- Gardado das imaxes visualizadas no software QGIS

Actitudinais:

- Colaboración nos foros do curso co resto do alumnado.
- Actitude positiva ante os problemas que xurdan durante o proceso



❑ **Metodoloxía:**

A proposta de traballo utilizada no curso será a empregada nesta unidade. Unha vez revisada a guía didáctica da mesma deberás empezar estudando a documentación que se te ofrece para coñecer os conceptos básicos e os procedementos de traballo. Cando consideres ter adquiridos os mesmos, realiza a autoavaliación da unidade e a tarefa proposta. Recorda colaborar cos teus compañeiros/as na resolución das dúbidas no foro.

❑ **Avaliación e mínimos:**

Criterios de avaliación:

- Manexar axeitadamente o directorio de servizos web dos portais de información xeográfica.
- Realizar a escolla correcta dos servizos WMS dos diferentes servidores para a súa visualización posterior.
- Engadir capas WMS no software QGIS para unha correcta visualización das mesmas.
- Gardar as imaxes visualizadas no software QGIS de forma correcta

Ferramentas de avaliación:

- **Cuestionario** de autoavaliación online. Consistirá nun test verdadeiro/falso sobre a temática explicada.
- **Tarefa** ou actividade sobre a unidade. Deberás contestar as preguntas solicitadas ou incorporar “pantallazos” que demostren que realizaches as operacións propostas e posteriormente subir á plataforma o exercicio para a súa corrección.

Mínimos:

- O cuestionario de autoavaliación online debe ser superado cun 70% da nota e dispós dun número de intentos ilimitado para conseguilo.
- A tarefa deberá ser valorada cunha nota do 50% seguindo os criterios específicos de corrección para considerala superada.